

Heráldica de Pontevedra cidade (VII)

Alfonso Mumary Ruibal

Rematamos cos escudos de Pontevedra onde unha soa familia ocupa todo o campo do escudo. Continuamos polo tanto cos escudos que teñen bordura é dicir unha orla que rodea interiormente o campo pleno do escudo.

Comezamos polo escudo da Rúa Real nº 37, na fachada lateral dese edificio hai unha pedra armeira moi pouco frecuente na súa forma. O seu contorno é totalmente cadrado situado sobre unha cartela. Pénsase estar representado nel a liñaxe dos:

MURGA: De prata (o campo do escudo) unha árbore de sinople (verde), dous lobos pasantes de sable (negro) colocados en pau resaltados sobre o tronco. Unha caldeira sobre o lume, de sable, pendente dunha cadea e en cada cantón do xefe unha estrela de seis puntas de azul.

Bordura de goles, cargada de oito aspas de ouro.

A bordura representa o escudo do cabaleiro e por extensión os muros das fortalezas que aquel ten que tomar ou defender. Símbolo da protección, o favor e a recompensa real.

Na parte central ou campo do escudo sitúanse as armas principais ou de varonía e nos bordes do escudo as armas secundarias, dando así lugar á bordura como peza heráldica para combinar armerías, coa particularidade que as armas situadas nesta teñen sempre carácter secundario.

A bordura pode ir valeira, sen ningunha figura ou peza, ben cargada de diferentes figuras heráldicas ou coas armas dalgunhas casas.



O lobo representa ao guerreiro esforzado, cruel cos seus inimigos aos que nunca dá cuartel, e sempre listo para a acción, o que maniféstase na súa posición de pasante.

A árbore, se é un carballo simboliza a fortaleza, así como símbolo da lealdade e fidelidade á coroa.

A caldeira converteuse no símbolo dos ricos homes, que a ostentaban como sinal de que mantiñan a súas expensas á súa propia mesnada de cabaleiros de honor. Utilizouse sempre como símbolo de poder e riqueza.

As estrelas son símbolo da eternidade, pois cando levantamos os ollos ao ceo sempre están presentes. A de seis puntas, coñecida como estrela de David, representa a loita entre os dous mundos, o natural e o sobrenatural.

As cruces de Sto. André na orla en recordo da batalla de Baeza gañada aos mouros o día de dito santo do ano 1227.

Os Murga establecidos en Pontevedra teñen a súa orixe na importante casa vasca do lugar do seu nome. Chegaron emparentados cos Ibaizabal que están no escudo da fachada do edificio.

Cando había guerras, os reis chamábanos co tratamento de parentes. Estes Parentes Maiores compoñían a principal nobreza do señorío de Biscaia.

Na Rúa do Barón nº 20 hai unha labra heráldica de pequeno tamaño, por cuxa forma, escotada (lixeramente arqueada e rematada en punta) no xefe e suavemente apuntada na zona inferior, poderíamola situar nos finais do s. XV ou principios do XVI.

Son as armas dos ANDRADE: de sinople (verde) unha banda engolada en dúas cabezas de dragantes, enmarcada por unha orla ou bordura cunha lenda que di: AVE MARÍA GRATIA PLENA.



A cor verde (sinople) no campo do escudo nas armerías europeas está asociada ás "cortes galantes", como triunfo do amor; a camaradería, a liberdade, a xuventude e a galantería.

Os que traen esta cor nas súas armas están obrigados a socorrer os labregos que se atopen oprimidos. Simboliza entre as virtudes a esperanza e entre as calidades humanas está asociada á cortesía así como ao servizo e ao respecto debido ao rei.

A banda engolada de dragantes relaciónase coa cabalería e San Xurxo, pois son o xeroglífico do santo ferindo ao dragón coa súa lanza nas súas fauces abertas.

O lema ou divisa na bordura é unha breve frase, tanto en español como en latín, que manifesta o espírito arduoso dunha liñaxe na forma de berro de guerra ou consigna baseada nalgún feito heroico do fundador da liñaxe e que os descendentes deben respectar. Case sempre escrita en sable (negro).

É posible que a pedra pertencese a un edificio anterior ou ben fora traída, doutro punto de Galicia, como por exemplo Pontedeume, casa primitiva dos Andrade.

Esta liñaxe emparentou con todas as mellores casas de Galicia como son os Ulloa, Condes de Monterrei; os Moscoso, Condes de Altamira; os Castro, Condes de Lemos; os de La Cueva, Duques de Albuquerque; os Sarmiento de Soutomaior, Condes de Salvaterra, etc. O escudo é posible que pertencese a D. Fernando de Andrade e Soutomaior “o Coxo”, señor de Portatón (Pontevedra), que casou con D^a Luísa de Montenegro e Mendoza (levan parte da divisa pero no campo do escudo), filla de D. Fernando de Montenegro, señor da Torre de Trabanca e de D^a Maior Mendoza.

Nunha antiga calella accesible por Isabel II nº 25, pola parte traseira do que era o bar A Cepa, no lateral esquerdo da espléndida casa restaurada daquela rúa, existe un magnífico escudo, que non podemos admirar por estar a calella pechada cunha porta. O motivo do peche non o sei, pero non me estrañaría que fose para evitar cheiros desagradables.

Dita pedra armeira pertence á liñaxe dos:

LUNA: de goles (vermello) o campo do escudo, crecente de prata. Bordura de azur, cargada con oito veneras de ouro. A este tipo de bordura coñéceselle polo nome de bordura compostelá.




O goles recibe o nome das golas ou gorkas das feras, ben porque se lle tinguiu de vermello cando devoran as presas, ben polo costume medieval de usar como gola dos mantos peles da gorxa das garduñas cibelinhas tinguidas de vermello. É a cor do lume e do sangue, fálanos de martirio e de guerra. O seu uso vai asociado a ideas de fortaleza, vitoria, ousadía, enerxía e triunfo.

A lúa minguante ou ranvesada, é dicir coas puntas cara a abaixo, significaría o descanso das fatigas pasadas.

As veneras ou vieiras están relacionadas coa lendaria batalla de Clavijo no ano 844, (na que fixo a súa aparición o apóstolo Santiago), entre as forzas armadas de Ramiro I de Asturias e as musulmás de Abderramán II. Representan o espírito ardente, símbolo do cabaleiro.

Corresponden ao arcebispo de Santiago, D. Rodrigo de Luna, parente do Condestable D. Álvaro de Luna.



Gobernou a diocese de Compostela entre os anos 1449 e 1460. En mala época viviu e moitos problemas tivo, pois o seu goberno transcorreu en plena sublevación dos irmandiños.

En Pontevedra os arcebispos de Compostela tiñan residencia nas chamadas Torres Arcebispais, e aquí viviu en 1458, tras o manifesto de Antealtares.

Da configuración destas torres no s. XV quedan algúns relatos que a describen como torres moi altas, de tres andares, ben labradas, madeiradas e telladas, coa súa cerca e barbacá cara á praza e unha cava ou foxo, coa súa ponte levadiza e as súas ameas cara á Moureira.

BIBLIOGRAFÍA

Tomos LIV e LV de *Galicia, heráldica, xenealoxía e nobiliaria*. Editorial Hércules

Heráldica de Pontevedra de Luís F. Messia de la Cerda y Pita. Deputación de Pontevedra.

Simbología y diseño de la heráldica gentilicia galaica. Luís Valero de Bernabé y Martín de Eugenio e Vicenta M^a Márquez de la Plata y Ferrándiz. Hidalguía, Madrid 2003.

Habladme piedras. José Benito García. Alfíl.

Heráldica. A. De Armengol y de Pereira. Editorial Labor.

Fotografías do autor.